

## Novas citas de formigas para Galicia (NO España) (Hymenoptera: Formicidae)

Fede García

c/ Blesa, 45. E-08004 Barcelona (España). e-mail: chousas2@gmail.com

**Resumo:** Preséntanse novas citas galegas para 28 especies de formigas (Hymenoptera: Formicidae), incluíndo as primeiras para Galicia (NO España) de *Messor erwini* Orou et al., 2023, *Tapinoma madeirense* Forel, 1895 e *Temnothorax affinis* Mayr, 1855.

**Palabras chave:** Hymenoptera, Formicidae, formigas, novas citas, distribución, Galicia, España.

**Abstract:** New records of ants for Galicia (NW Spain) (Hymenoptera: Formicidae). New Galician records for 28 ant species (Hymenoptera: Formicidae) are presented, including the first ones for Galicia (NW Spain) of *Messor erwini* Orou et al., 2023, *Tapinoma madeirense* Forel, 1895 and *Temnothorax affinis* Mayr, 1855.

**Key words:** Hymenoptera, Formicidae, ants, new records, distribution, Galicia, Spain.

**Recibido:** 5 de setembro de 2025

**Publicado on-line:** 22 de setembro de 2025

**Aceptado:** 15 de setembro de 2025

Todas as mostras foron obtidas mediante captura directa, fundamentalmente buscando os lugares de nidificación das colonias de formigas baixo pedras, fendas de rochas, ocos en madeira, etc. Ademais lístanse algúns sexuais atopados durante voos nupciais.

A identificación das mostras fíxose cos traballos dispoñibles para cada caso (detallados no apartado correspondente a cada especie) e comparando as mostras coa colección do autor.

As citas bibliográficas para as diferentes especies buscáronse na base de datos de antmaps.org (Janicki et al., 2016) e co buscador *Google Scholar*. No texto detállanse só as citas bibliográficas galegas, mentres que as do resto da Península Ibérica son representadas nos mapas.

### Resultados

#### Subfamilia Ponerinae

##### *Hypoponera eduardi* (Forel, 1894)

Especie de hábitos subterráneos caracterizada dentro do xénero pola coloración escura, o suco frontal curto e escapos longos que acadan a beira occipital (Gómez & Espadaler, 2007) (Fig. 1). Na Península está moi amplamente distribuída, sendo unha das especies da subfamilia máis abundosas, mentres que en Galicia coñecía-se dunha cita en Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 2).

*Hypoponera eduardi* atópase en Galicia en grande diversidade de hábitats, sempre que haxa certo grao de humidade, tanto en ambientes abertos coma forestais.

##### A Coruña:

- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, baixo pedra, prados.
- Santo André de Teixido, Cedeira: 23-X-2015, 360 m, 43°42'9"N 7°59'29"O, baixo pedra, prados.

- Osedo, Sada: 18-IX-2022, 120 m, 43°20'12"N 8°17'17"O, baixo tronco, plantación de *Eucalyptus globulus*.

**Lugo:**

- Penedos, Abadín: 24-IV-2018, 730 m, 43°26'N 7°30'O, prados.
- A Feira do Monte, Cospeito: 22-VI-2023, 40 m, 43°14'40"N 7°33'37"O, baixo pedra, carballeira.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O, fraga de castiñeiros, baixo pedra.
- Cova da Serpe, Guitiriz: 14-X-2024, 660 m, 43°6'58"N 7°55'37"O, baixo pedra, con machos alados e machos ergatoides, toxeira.
- Parga, Guitiriz: 24-III-2005, 450 m, 43°9'N 7°50'O, toco de piñeiro, con machos ergatoides, matos.
- San Pedro de Lánacara, Lánacara: 10-VII-2007, 460 m, 42°51'N 7°21'O, prados.
- Pedraza, Monterroso: 19-IX-2022, 600 m, 42°49'31"N 7°51'14"O, baixo pedra, piñeiral.
- A Veiga, Negueira de Muñiz: 1-X-2008, 230 m, 43°8'35"N 6°53'2"O, prado.
- Praia da Abrela, O Vicedo: 2-V-2009, 15 m, 43°42'N 7°36'O, piñeiral aberto.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, baixo pedra, prados.


**Pontevedra:**

- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, bosque.



**Fig. 1.-** Obreira de *Hypoponera eduardi* de Parga. **1a.-** Cabeza en vista frontal. **1b.-** Pecíolo en vista lateral.

**Fig. 2.-** Mapa de citas ibéricas de *Hypoponera eduardi*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



## Subfamilia Dolichoderinae

*Dolichoderus quadripunctatus* (Linnaeus, 1771)

Especie que conta cunha morfoloxía e patrón de coloración moi característicos entre as formigas europeas, sendo de hábitos arborícolas e aniñando en pólas e bugallos (Seifert, 2018) (Fig. 3). Na Península está amplamente distribuída pola metade norte, aínda que con rexistros espallados, incluíndo dúas citas nas provincias de Ourense e Pontevedra (Cabanillas *et al.*, 2019) (Fig. 4). Neste último traballo, cítase como da provincia de Valencia o rexistro de Espadaler *et al.* (2010), cando en realidade a mostra foi atopada no Pireneo catalán, na vila de València d'Àneu (Lleida).

**Pontevedra:**

- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51'N 8°4'O, colonia parcial en bugallo de carballo.




Fig. 3.- Obreira de *Dolichoderus quadripunctatus* de Agolada.

Fig. 4.- Mapa de citas ibéricas de *Dolichoderus quadripunctatus*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrado vermello: nova.

*Tapinoma madeirense* Forel, 1895

Caracterizada pola leve concavidade da beira anterior do clípeo (Seifert *et al.*, 2024) e pola xenitalia do macho (Seifert, 2012) (Figs. 5a e 6a). Distribúese pola Península Ibérica e sur de Francia (Seifert *et al.*, 2024) (Fig. 7). As citas antigas están baixo o nome *Tapinoma ambiguum* Emery, 1925.

En Galicia atópase en ambientes abertos como prados e diversas matogueiras. As seguintes son as primeiras citas da especie para Galicia. En todas as localidades foron atopadas baixo pedra.

**A Coruña:**

- Cabo San Adrián, Bergantiños: 27-VI-2017, 50 m, 43°20'29"N 8°50'1"O, prados.
- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, prado.
- Culleredo: 28-VII-2005, 43°16'N 8°23'O, prado.
- Monfero: 30-IX-2008, 560 m, 43°19'N 7°55'O, toxeira.
- A Ciadella, Sobrado dos Monxes: 7-V-2019, 480 m, 43°4'53"N 8°2'29"O, toxeira.

**Lugo:**

- A Fonsagrada: 1-X-2008, 700 m, 43°4'N 6°58'O.
- Cova da Serpe, Guitiriz: 27-VI-2019, 780 m, 43°5'53"N 7°55'5"O, toxeira, con sexuados.
- Parga, Guitiriz: 1-IV-2007, 450 m, 43°9'N 7°50'O, baixo pedra, prado.
- Fraguas, Guitiriz: 18-VI-2019, 470 m, 43°7'45"N 7°52'16"O, prado, con sexuados.
- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 560 m, 42°41'55"N 7°27'43"O, matos.
- Negueira de Muñiz: 1-X-2008, 230 m, 43°8'N 6°53'O, baixo pedra.


- Bravos, Outeiro de Rei: 25-VI-2022, 480 m, 43°3'22"N 7°41'22"O, toxeira, con sexuados.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O, queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.
- A Rochela, Ribadeo: 18-VI-2008, 15 m, 43°33'N 7°9'O, prado.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.
- Momán, Xermade: 30-VI-2007, 490 m, 43°19'N 7°51'O, toxeira.
- Cantís de papel, Xove: 30-VI-2022, 20 m, 43°43'17"N 7°28'20"O, prados.

**Ourense:**

- Serra de Larouco, Baltar: 28-IV-2017, 1200 m, 41°55'N 7°40'O, queirogal.
- Val da Cabra, Manzaneda: 6-VII-2018, 910 m, 42°17'8"N 7°13'45"O, prado.

**Pontevedra:**


- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira.
- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, baixo pedra, bosque.



**Fig. 5.-** Cabezas en vista frontal de obreiras de *Tapinoma* Förster, 1850. **5a.-** *Tapinoma madeirense* de Cova da Serpe. **5b.-** *Tapinoma erraticum* de Labrada. **5c.-** *Tapinoma nigerrimum* de Baltar.

**Fig. 6.-** Xenitalias de machos de *Tapinoma* galegos en vista ventral: **6a.-** *Tapinoma madeirense*. **6b.-** *Tapinoma erraticum*.

**Fig. 7.-** Mapa de citas ibéricas de *Tapinoma madeirense*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



***Tapinoma erraticum* (Latreille, 1798)**

Caracterizada pola máis profunda concavidade da beira anterior do clipeo (Seifert *et al.*, 2024) e pola xenitalia do macho (Seifert, 2012) (Figs. 5b e 6b). De distribución europea ata os Balcáns (Seifert *et al.*, 2024), Collingwood & Yarrow (1969) citárona de cinco localidades de A Coruña e Pontevedra (Fig. 8). Os hábitats son semellantes ós da especie anterior.

**A Coruña:**

- Coirós: 10-VIII-2007, 43°15'N 8°9'O, prado.

**Lugo:**

- Neira de Rei, Baralla: 20-VII-2008, 660 m, 42°54'N 7°17'O.
- A Fonsagrada: 1-X-2008, 465 m, 43°4'N 6°57'O, toxeira.
- Parga, Guitiriz: 3-IV-2007, 450 m, 43°9'N 7°50'O, prado.
- Serra da Loba, Guitiriz: 28-VI-2020, 650 m, 43°17'10"N 7°56'40"O, queirogal, con sexuados.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O, prado.
- Serra do Careón, Palas de Rei: 25-VI-2016, 750 m, 42°56'35"N 7°54'13"O, toxeira.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prado.
- Alto Pedrafita do Courel, Samos: 25-IV-2018, 1150 m, 42°39'N 7°13'O, prado.

**Ourense:**

- Val da Cabra, Manzaneda: 6-VII-2018, 910 m, 42°17'8"N 7°13'45"O, prado.
- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O.

**Pontevedra:**

- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51'N 8°4'O, matogueiras.
- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira, con sexuados.


***Tapinoma nigerrimum* (Nylander, 1856)**

Especie que podería ser confundida coa anterior, pero cuxa incisión clipeal é máis profunda, é moi polimórfica, e nas obreiras máis grandes a cabeza é proporcionalmente máis ancha (Fig. 5c). Seifert *et al.* (2017) aportaron cambios taxonómicos importantes, xa que se demostraron que o concepto anterior de *T. nigerrimum* en realidade estaba constituído por varias especies moi semellantes. Polo tanto, o mapa representa máis ben a distribución do complexo de especies. Fora citada por Collingwood & Yarrow (1969) e Eiroa & Novoa (1985) de Lugo, Ourense e Pontevedra, aínda que descoñécese a qué especie concreta do complexo corresponderían realmente (Fig. 9).

Polos ollos relativamente pequenos e non supercolonialidade, asignamos os espécimes á propia *T. nigerrimum*.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira, baixo pedra.



**Figs. 8-9.-** Mapa de citas ibéricas. **8.-** *Tapinoma erraticum*. **9.-** Grupo de *Tapinoma nigerrimum*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

## Subfamilia Formicinae

### *Formica fusca* Linnaeus, 1758

A cor negra e ausencia de quetas no pronoto definen a esta especie (Fig. 10), de ampla distribución eurosiberiana (Seifert, 2018). É frecuente no norte peninsular (Fig. 11) e coñecida en Galicia das provincias de Lugo e Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969; Espadaler, 1979; Eiroa & Novoa, 1985; García, 2018a; García & Cuesta-Segura, 2020).

#### A Coruña:

- Cabo San Adrián, Bergantiños: 27-VI-2017, 50 m, 43°20'29"N 8°50'1"O, prados.
- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, prado.
- Curro de Forgoselo, A Capela: 21-VI-2022, 440 m, 43°28'14"N 8°00'32"O, prados.
- Santo André de Teixido, Cedeira: X-2015, 360 m, 43°42'9"N 7°59'29"O, prados.
- Serra da Faladoira, As Pontes de García Rodríguez: 19-VII-2007, 500 m, 43°31'52"N 7°48'24"O, prado.
- Lagoa, Sobrado dos Monxes: 11-VII-2007, 550 m, 43°2'N 8°0'O, beira de lagoa.
- Toques: 9-VIII-2006, 450 m, 42°57'N 7°58'O, beira de carballeira.

#### Lugo:

- Monte das Fontelas, Abadín: 16-X-2016, 700 m, 43°22'1"N 7°23'18"O, prado, baixo pedra.
- Neira de Rei, Baralla: 20-VII-2008, 660 m, 42°54'N 7°17'O.
- Candal das Fócaras, Cervantes: 3-VII-2017, 1600 m, 42°48'15"N 6°52'41"O, queirogal, con sexuados.
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 3-X-2008, 1406 m, 42°36'N 7°5'O, queirogal.
- Montouto, A Fonsagrada: 1-X-2008, 961 m, 43°5'N 7°8'O, toxeira.
- San Paio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 490 m, 43°1'N 7°48'O, prado.
- Trasparga, Guitiriz: 2-VIII-2005, 480 m, 43°11'N 7°50'O.
- Adai, Lugo: 25-VI-2022, 530 m, 43°01'18"N 7°37'12"O, toxeira.
- Xistral, Muras: 23-VI-2017, 950 m, 43°7'26"N 7°35'86"O, prado, baixo pedra.
- Negueira de Muñiz: 1-X-2008, 230 m, 43°8'N 6°53'O.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prado, baixo pedra, con machos.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos, baixo pedra.
- Reinante, Ribadeo: 18-VI-2008, 45 m, 43°33'N 7°9'O, prado.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal, baixo pedra.
- Praia da Abrela, Viveiro: 2-V-2009, 15 m, 43°42'N 7°36'O, piñeiral aberto.
- Monte Faro, Viveiro: 30-VI-2022, 160 m, 43°42'30"N 7°34'50"O, prado.
- Cantís de papel, Xove: 30-VI-2022, 43°43'17"N 7°28'20"O 20 m, prados.

#### Ourense:

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira, baixo pedra.
- Cha das Lamas, Manzaneda: 6-VII-2018, 1320 m, 42°16'46"N 7°15'59"O, queirogal.
- A Pobra de Trives, VI-2018, 690 m, 42°20'57"N 7°15'84"O, fraga.

#### Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira, con sexuados.

### *Formica gerardi* Bondroit, 1917

Especie das beiras de bosques mediterráneos, caracterizada pola cor escura, presenza de quetas no pronoto, superficie corporal cuberta por unha microescultura densa que lle da un aspecto mate e pubescencia pouco densa na cara interior da tibia posterior (Gómez *et al.*, 2018) (Fig. 12). Endemismo

ibérico (Gómez *et al.*, 2018), as citas galegas anteriores corresponden a dúas localidades de Ourense (Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 13).

**Lugo:**

- Praia fluvial da Pena do Inferno, A Fonsagrada: 19-VI-2008, 325 m, 43°5'N 7°1'O, beira de bosque.





Fig. 10. - Obreira de *Formica fusca* de A Fonsagrada: mesosoma e pecíolo en vista lateral.

Fig. 11. - Mapa de citas ibéricas de *Formica fusca*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermello: novas.

Fig. 12. - Obreira de *Formica gerardi* de A Fonsagrada. 12a. - Mesosoma en vista lateral. 12b. - Detalle da cara interna da tibia posterior.

Fig. 13. - Mapa de citas ibéricas de *Formica gerardi*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrado vermello: nova.

### ***Formica pratensis* Retzius, 1783**

Pertence ó grupo de *Formica rufa* Linnaeus, 1761, dentro do que se caracteriza pola densa pilosidade na beira occipital da cabeza e sobre o mesosoma (Seifert, 2021) (Fig. 14). Especie de distribución eurosiberiana, na Península Ibérica exténdese pola metade norte (Fig. 15), con algunhas poboacións illadas no sur, algunhas das cales poden estar xa extintas (Tinaut *et al.*, 2011). En Galicia é a especie máis abundosa do grupo e está presente nas catro provincias (Medina, 1892; Collingwood & Yarrow, 1969; Eiroa & Novoa, 1985; García, 2018a, 2020).

Nas mostras galegas atópanse os dous morfos presentes na especie (Seifert, 1991). Vive en hábitats abertos, preferindo ter preto árbores ou arbustos onde atende pulgóns. En áreas agrícolas, sitúa frecuentemente os seus niños dómicos nas beiras das fincas. Nos últimos anos o autor ten dificultades para atopala en sitios de Guitiriz onde antes era frecuente.

**A Coruña:**

- Praia de Morouzos, Ortigueira: 19-VII-2007, 5 m, 43°36'N 7°49'O, dunas.
- Toques: 9-VIII-2006, 450 m, 42°57'N 7°58'O, labradíos.

**Lugo:**

- Castro de Ribeiras de Lea, Castro de Rei: 24-VIII-2006, 410 m, 43°8'N 7°29'O, prado.
- Chantada: 21-VIII-2006, 510 m, 42°39'N 7°45'O, prados e labradíos.
- Taro Branco, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 1180 m, 42°40'3"N 7°9'13"O, piñeiral.
- Sampaio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 490 m, 43°1'N 7°48'O, prado.
- Parga, Guitiriz: 23-IV-2009, 450 m, 43°09'17"N 7°50'26"O, prados e beiras de labradíos, con sexuados.
- Tronceda, Mondoñedo: 14-X-2021, 500 m, 43°26'03"N 7°25'50"O, beira de piñeiral.
- Xistral, Muras: 23-VI-2017, 950 m, 43°7'26"N 7°35'86"O, beira de piñeiral.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O, prado.
- Bagude, Portomarín: 17-VI-2019, 540 m, 42°47'N 7°40'O, prado.
- Touzas, Vilalba: 18-VII-2008, 440 m, 43°19'N 7°34'O, prado.
- Cantís de papel, Xove: 30-VI-2022, 20 m, 43°43'17"N 7°28'20"O, prados.

**Ourense:**

- Serra de Larouco, Baltar: 28-IV-2017, 1360 m, 41°54'37"N 7° 42'49"O, queirogal.




Fig. 14.- Obreira de *Formica pratensis* de Vilalba: cabeza en vista frontal.

Fig. 15.- Mapa de citas ibéricas de *Formica pratensis*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

***Formica rufa* Linnaeus, 1761**

Membro do grupo do mesmo nome, distínguese pola case ausencia de pilosidade no perfil occipital da cabeza (Seifert, 2021) (Fig. 16). Está presente no norte peninsular, especialmente nos sistemas montañosos, e en Galicia ten apenas unha cita nos Ancares de Lugo (Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 17).

É de hábitat forestal, aínda que os niños dómicos sitúanse frecuentemente nas beiras do bosque ou nas partes coa bóveda menos pechada. Ás veces poden atoparse pistas de recolección en áreas abertas, a unhas dúcias de metros do bosque.

**Lugo:**

- A Fonsagrada: 15-VII-2008, 900 m, 43°7'N 7°40'O, carballeira.
- Os Cabaniños, Cervantes: 4-VII-2017, 960 m, 42°50'11"N 6°54'7"O, fraga.

**Ourense:**

- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O, carballeira.




Fig. 16.- Obreira de *Formica rufa* de A Mezquita: cabeza en vista frontal.

Fig. 17.- Mapa de citas ibéricas de *Formica rufa*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

### *Formica sanguinea* Latreille, 1798

Esclavista dulótica facultativa, dentro do xénero caracterízase pola beira anterior do clípeo cunha concavidade (Seifert, 2018) (Fig. 18). De distribución eurosiberiana (Seifert, 2018), na Península é abundosa no norte. En Galicia ten citas nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense (Medina, 1892; Collingwood & Yarrow, 1969; García, 2013; García & Cuesta-Segura, 2018, 2020) (Fig. 19).

Os hábitats que ocupa en Galicia son abertos, sendo frecuente en áreas soleadas e baixo grandes pedras ou troncos. En ocasións acumula algo de material vexetal arredor do niño.

#### A Coruña:

- Espasante, Ortigueira: 19-VII-2007, 150 m, 43°42'11"N 7°48'O, beira eucaliptal.
- Serra da Faladoira, Ortigueira: 3-VII-2009, 500 m, 43°35'N 7°47'O, prado, con sexuados.
- Serra da Faladoira, As Pontes de García Rodríguez: 19-VII-2007, 500 m, 43°31'52"N 7°48'24'O, prado.

#### Lugo:

- Fieiró, Cervantes: 3-VII-2017, 1430 m, 42°48'49"N 6°44'20'O, queirogal.
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 7-VII-2009, 1350 m, 42°36'37"N 7°5'43'O, queirogal.
- Pedras Apañadas, A Fonsagrada: 1-X-2008, 1192 m, 43°8'21"N 6°57'25'O, toxeira.
- Fraguas, Guitiriz: 30-VI-2020, 460 m, 43°07'46"N 7°52'14'O, toxeira, con sexuados.
- Adai, Lugo: 25-VI-2022, 530 m, 43°01'18"N 7°37'12'O, toxeira, con sexuados.
- Serra de Meira, Meira: 23-VI-2017, 800 m, 43°12'N 7°14'O, toxeira.
- Serra Xistral, Muras: 1-V-2009, 800 m, 43°28'54"N 7°39'13'O, prados.
- Serra do Careón, Palas de Rei: 27-IV-2017, 750 m, 42°56'35"N 7°54'13'O, toxeira.
- As Brañas, A Pastoriza: 24-IV-2017, 590 m, 43°22'25"N 7°20'12'O, beira de piñeiral.
- Santa María, Pedrafita do Cebreiro: 30-VII-2007, 1300 m, 42°42'29"N 7°2'44'O, toxeira.
- Monte Faro, Viveiro: 30-VI-2022, 160 m, 43°42'30"N 7°34'50'O, prado.
- Momán, Xermade: 30-VI-2007, 490 m, 43°19'22"N 7°51'20'O.

#### Ourense:

- Serra de Larouco, Baltar: 28-IV-2017, 1360 m, 41°54'37"N 7° 42'49'O, queirogal.
- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O, prado, baixo pedra.

#### Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira, baixo pedra, con machos.




Fig. 18.- Obreira de *Formica sanguinea* de Parga, cabeza en vista frontal.

Fig. 19.- Mapa de citas ibéricas de *Formica sanguinea*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

### *Lasius flavus* (Fabricius, 1782)

Especie de hábitos subterráneos, de cor amarela, palpos cortos, ollos pequenos e un característico perfil da beira mastigadora mandibular (Seifert, 2018) (Fig. 20). É unha especie de distribución Paleártica (Seifert, 2018), moi espallada en Iberia, especialmente no norte. Porén, a confusión entre *L. flavus* e a próxima *Lasius myops* Forel, 1894 ata Seifert (1983) fai que moitas citas antigas sexan dúbidas. En Galicia coñécese das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra (Medina, 1892; Collingwood & Yarrow, 1969; Suñer *et al.*, 1991; García & Cuesta-Segura, 2018; García, 2022) (Fig. 21).

Abondosa en hábitats frescos e húmidos, tanto abertos coma forestais.

#### A Coruña:

- A Castellana, Aranga: 1-VII-2007, 450 m, 43°11'N 8°1'O.
- Cabo San Adrián, Bergantiños: 27-VI-2017, 50 m, 43°20'29"N 8°50'1"O, prados.
- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, prado.
- Curro de Forgoselo, A Capela: 21-VI-2022, 440 m, 43°28'14"N 8°00'32"O, prados.
- Vixía Herbeira, Cariño: X-2015, 600 m, 43°43'N 7°56'O, prados.
- Coirós: 10-VIII-2007, 43°15'N 8°9'O, prado.
- Torre de Hércules, A Coruña: 4-VIII-2006, 20 m, 43°23'16"N 8°24'23"O.
- Espasante, Ortigueira: 19-VII-2007, 100 m, 43°42'11"N 7°48'8"O, eucaliptal.
- Serra da Faladoira, As Pontes de García Rodríguez: 19-VII-2007, 500 m, 43°31'52"N 7°48'24"O, prado.

#### Lugo:

- As Fontelas, Abadín: 14-X-2016, 700 m, 43°22'0"N 7°23'31"O, prados con queirugas, baixo pedra.
- Os Cabaniños, Cervantes: 4-VII-2017, 960 m, 42°50'11"N 6°54'7"O, fraga.
- O Taro Branco, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 1180 m, 42°40'N 7°9'O, prado.
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 3-X-2008, 1406 m, 42°36'N 7°5'O, queirogal.
- Pedras Apañadas, A Fonsagrada: 1-X-2008, 1192 m, 43°8'21"N 6°57'25"O, toxeira, con machos.
- Sampaio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 490 m, 43°1'N 7°48'O, prado.
- Parga, Guitiriz: 29-VII-2005, 450 m, 43°9'N 7°50'O, prado, con sexuados.
- San Pedro de Lámbara, Lámbara: 10-VII-2007, 460 m, 42°51'N 7°21'O, prado.

- Serra de Meira, Meira: 23-VI-2017, 800 m, 43°12'N 7°14'O, toxeira.
- Xistral, Muras: 23-VI-2017, 950 m, 43°7'26"N 7°35'86"O, beira de piñeiral, con sexuados.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O, prado.
- Serra do Careón, Palas de Rei: 25-VI-2016, 750 m, 42°56'35"N 7°54'13"O, toxeira.
- Santa María, Pedrafita do Cebreiro: 30-VII-2007, 1350 m, 42°42'39"N 7°1'39"O, prado.
- Portomarín: 10-VII-2007, 370 m, 42°48'N 7°36'O, parque urbano.
- Touzas, Vilalba: 18-VII-2008, 447 m, 43°19'N 7°34'O, prados.
- Momán, Xermade: 30-VI-2007, 490 m, 43°19'N 7°51'O.
- Cantís de papel, Xove: 30-VI-2022, 20 m, 43°43'17"N 7°28'20"O, prados.

#### Ourense:

- Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira, baixo pedra.
- Cabeza de Manzaneda, Manzaneda: 6-VII-2018, 1740 m, 42°15'N 7°17'O, prados.
- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O, prado.


#### Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira, baixo pedra.
- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, bosque.



Fig. 20.- Obreira de *Lasius flavus* de As Pontes de García Rodríguez. 20a.- Vista lateral. 20b.- Detalle dos dentes mandibulares.

Fig. 21.- Mapa de citas ibéricas de *Lasius flavus*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



#### *Lasius fuliginosus* (Latreille, 1798)

Especie parasita temporal sobre varias especies do subxénero *Chthnolasius* Ruzsky, 1912, dentro das especies europeas do xénero é moi característica pola cor negra brillante e a cabeza moi expandida (Seifert, 2018) (Fig. 22). Distribuída polo occidente Paleártico (Seifert, 2018), na Península Ibérica ocupa o norte, incluíndo Galicia, na que ten só unha antiga cita na provincia de A Coruña (Medina, 1892) (Fig. 23).

A maior parte dos hábitats onde vive son bosques, especialmente de ribeira, aniñando en tocos e na base de árbores grandes. Trátase dunha especie que aniña en madeira, dominante e con colonias grandes, que forma longas pistas de recolección que soben polas árbores. En Parga e San Alberte, atopáronse atendendo a grandes pulgóns *Stomaphis* sp. (Hemiptera: Aphididae) nas fendas da casca de carballos.


**Lugo:**

- O Taro Branco, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 1180 m, 42°40'N 7°9'O, beira de carballeira.
- Praia fluvial da Pena do Inferno, A Fonsagrada: 19-VI-2008, 325 m, 43°5'N 7°1'O, beira de bosque, raíña sen ás.
- Mesón da Cabra, Guitiriz: 4-VII-2010, 445 m, 43°10'40"N 7°49'43"O, raíña alada.
- Parga, Guitiriz: 29-VI-2020, 450 m, 43°09'31"N 7°50'40"O, atendendo *Stomaphis* sp., carballeira.
- San Alberte, Guitiriz: 15-VII-2007, 400 m, 43°10'19"N 7°47'48"O, a colonia segue existindo aínda hoxe, frecuentemente vese atendendo *Stomaphis* sp. e *Kermes* sp. (Hemiptera: Kermesidae), bosque de ribeira.
- Mosteiro, Cervantes: 3-VII-2017, 480 m, 42°49'55"N 7°3'40"O, prado con chopos.



Fig. 22.- Obreiras de *Lasius fuliginosus* de San Alberte. 22a.- Con *Kermes* sp. 22b.- Con *Stomaphis* sp.

Fig. 23.- Mapa de citas ibéricas de *Lasius fuliginosus*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



***Plagiolepis pygmaea* (Latreille, 1798)**

Dentro do xénero, a especie caracterízase polo pequeno tamaño e pola estrutura funicular, co terceiro segmento funicular moi curto (Seifert, 2020) (Fig. 24). A distribución esténdese pola metade sur de Europa, ata os Balcáns (Seifert, 2018). Citada por Collingwood & Yarrow (1969) das

provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra (Fig. 25). A cita de Vilalba de Collingwood & Yarrow (1969) pódese considerar dubidosa, xa que na Terra Chá o autor nunca a atopou, e o topónimo é moi común.

Nas seguintes localidades galegas as colonias atopáronse baixo pedras e en fendas de rochas. Os hábitats foron sobre todo abertos, como moito en bosques pouco densos.

**A Coruña:**

- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, prado.

**Lugo:**

- Praia fluvial da Pena do Inferno, A Fonsagrada: 19-VI-2008, 325 m, 43°5'N 7°1'O, beira de bosque.
- Vilaseca, Negueira de Muñiz: 19-VI-2008, 550 m, 43°6'N 6°54'O, queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O, queirogal, con sexuados.
- Alto Pedrafita do Courel, Samos: 25-IV-2018, 1150 m, 42°39'N 7°13'O, prado.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira.

**Pontevedra:**

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira.
- Monte Santa Trega, A Guarda: 7-IV-2007, 250 m, 41°53'N 8°52'O, piñeiral.




Fig. 24.- Obreira de *Formica sanguinea* de Parga, cabeza en vista frontal.

Fig. 25.- Mapa de citas ibéricas de *Formica sanguinea*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

### Subfamilia Myrmicinae

#### *Aphaenogaster gibbosa* (Latreille, 1798)

Caracterízase pola coloración escura, escapos longos que superan a beira do clípeo, perfil occipital da cabeza pouco convexa ou recta, gáster brillante e segmentos funiculares alongados (Boer, 2013; Schifani et al., 2022) (Fig. 26). Especie da Península Ibérica e sur de Francia (Seifert, 2018), que está moi espallada por grande parte da Península. En Galicia, Collingwood & Yarrow (1969) citárona de cinco localidades das provincias de Ourense e Pontevedra (Fig. 27).

Amplamente distribuída polo sur galego, as citas costeiras do norte poden considerarse anecdóticas, estando ausente nos demais sitios visitados do norte de A Coruña e Lugo. A maioría das mostras foron colonias baixo pedra. Especie de hábitats abertos.

**A Coruña:**

- Estaca de Bares, Bares: VI-2015, 50 m, 43°47'N 7°41'O, prado, obreiras activas.
- Culleredo: 28-VII-2005, 43°16'N 8°23'O, prado, obreiras activas.

**Lugo:**

- Praia fluvial da Pena do Inferno, A Fonsagrada: 19-VI-2008, 325 m, 43°5'N 7°1'O, beira de bosque.
- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 560 m, 42°41'55"N 7°27'43"O, matos.
- Estación de tren, Monforte de Lemos, VI-2018, 300 m, 42°31'51"N 7°29'28"O, beirarrúa, obreiras activas.
- Vilaseca, Negueira de Muñiz: 19-VI-2008, 550 m, 43°6'N 6°54'O, queirogal.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prado.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira.

**Pontevedra:**

- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51'N 8°4'O, matogueiras.
- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, con sexuados, toxeira.
- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O.




Fig. 26.- Obreira de *Aphaenogaster gibbosa* de Estaca de Bares: cabeza en vista frontal.

Fig. 27.- Mapa de citas ibéricas de *Aphaenogaster gibbosa*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

***Crematogaster auberti* Emery, 1869**

Pola coloración uniforme escura e hábitos de anidamento terrícolas (Fig. 28), a única especie coa que podería ser confundida sen vela á lupa é *Crematogaster laestrygon* Emery, 1869, presente só nalgúns partes da costa mediterránea peninsular (Cagniant, 2005). Distribuída polo sur francés, Península Ibérica e norte de África, na Península é abundosa na rexión bioxeográfica mediterránea.

En Galicia coñecíase de dúas citas na provincia de Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 29). A especie anida típicamente baixo pedras, en hábitats abertos do sur de Galicia, aínda que tamén atópase en lugares microclimáticamente axeitados das serras orientais.

**Lugo:**

- Montouto, A Fonsagrada: 1-X-2008, 950 m, 43°5'46"N 7°8'6"O, queirogal.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O, fraga.
- Vilaseca, Negueira de Muñiz: 19-VI-2008, 550 m, 43°6'N 6°54'O, queirogal.
- Bravos, Outeiro de Rei: 26-VI-2022, 480 m, 43°3'25"N 7°41'21"O, toxeira.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O, queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira.
- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O.

**Pontevedra:**

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira.




Fig. 28.- Colonia de *Crematogaster auberti* de Outeiro de Rei.

Fig. 29.- Mapa de citas ibéricas de *Crematogaster auberti*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

***Crematogaster scutellaris* (Olivier, 1792)**

Dentro das especies ibéricas do xénero, caracterízase pola coloración bicolor e os hábitos arborícolas (Cagniant, 2005) (Fig. 30). Formiga distribuída polo Mediterráneo Occidental (Seifert, 2018) e con presenza en boa parte da Península Ibérica. En Galicia, Collingwood & Yarrow (1969) citárona das provincias de Ourense e Pontevedra (Fig. 31).

A especie foi atopada no sur de Galicia, as máis das veces activa na superficie dos troncos das árbores.

**Lugo:**

- Embalse de Belesar, Chantada: 21-VIII-2006, 350 m, 42°37'N 7°43'O, bosque de ribeira.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O, fraga.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, piñeiral.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, aciñeiral.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, bosque de ribeira.
- Barrio, A Pobra de Trives, 6-VII-2018, 690 m, 42°20'57"N 7°15'02"O, fraga.

**Pontevedra:**

- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51'N 8°4'O, sobreiras.
- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, bosque.

***Messor bouvieri* Bondroit, 1918**

Das demais especies ibéricas de *Messor* Forel, 1890 distínguese pola combinación da presenza dun psamóforo, coloración uniforme escura e ausencia de pilosidade erecta no primeiro terxito gastral (Gómez & Espadaler, 2007) (Fig. 32). Distribúese pola parte mediterránea da Península Ibérica, Italia e sur de Francia. En Galicia fora citada por Collingwood & Yarrow (1969) e Eiroa & Novoa (1985) de cinco localidades costeiras das provincias da Coruña e Pontevedra (Fig. 33).

**Pontevedra:**

- Monte Santa Trega, A Guarda: 7-IV-2007, 250 m, 41°53'N 8°52'O, prado.





Fig. 30. - Obreiras de *Crematogaster scutellaris* no val do Sil.

Fig. 31. - Mapa de citas ibéricas de *Crematogaster scutellaris*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



Fig. 32. - Obreira de *Messor bouvieri* de A Guarda. 32a. - Cabeza en vista lateral, amosando o psamóforo. 32b. - Gáster en vista lateral.

Fig. 33. - Mapa de citas ibéricas de *Messor bouvieri*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrado vermello: nova.



### *Messor capitatus* (Latreille, 1798)


Caracterizábase dentro do grupo *barbarus* polo propodeo anguloso (Gómez & Espadaler, 2007) (Fig. 34a). Porén, hai que ter en conta a descrición recente da especie xemelga *Messor erwini* Orou et al., 2023, da que se diferencia por biometría e pola escultura do triángulo frontal menos marcada en *M. capitatus* (Fig. 34b).

Hai unha cita de Collingwood & Yarrow (1969) na provincia de Ourense, pero tanto podería corresponder a *M. capitatus* como a *M. erwini*. A especie ten unha ampla distribución na Península Ibérica, sur de Francia e Italia (Fig. 35).

Os espécimes estudados corresponden a *M. capitatus* tanto pola morfoloxía do triángulo frontal como polo valor da función discriminante de Orou et al. (2023).


**Lugo:**

- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.



**Fig. 34.** - Obreiras de *Messor*. **34a.** - *Messor capitatus* de Portomarín: propodeo, pecíolo e pospecíolo en vista lateral. **34b.** - *Messor capitatus* de Portomarín: triángulo frontal. **34c.** - *Messor erwini* de Matacás: triángulo frontal.

**Fig. 35.** - Mapa de citas ibéricas de *Messor* do grupo *capitatus*. Círculos amarelos: bibliográficas para *Messor capitatus* (moitas delas poderían ser realmente de *Messor erwini*); cadrados vermellos: novas para *M. capitatus*; triángulos verdes: citas de *M. erwini*.



***Messor erwini* Orou et al., 2023**

A morfoloxía é semellante á de *M. capitatus* (véxase enriba) (Fig. 34c). De descrición recente, coñécese só dunha localidade catalana (Orou et al., 2023) (Fig. 35).

Os espécimes estudados corresponden a *M. erwini* tanto pola morfoloxía do triángulo frontal como polo valor da función discriminante de Orou et al. (2023).

**Lugo:**

- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O, queirogal.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira.
- Miradoiro de Matacás, Castro Caldelas: 26-VI-2020, 500 m, 42°24'29"N 7°26'13"O, matos.

***Pheidole pallidula* (Nylander, 1849)**

Dentro das especies nativas de Europa Occidental, é unha especie moi característica polo dimorfismo da casta obreira (Fig. 36). Amplamente distribuída polo Mediterráneo Occidental (Seifert, 2016) e

parte mediterránea peninsular, en Galicia fora citada por Collingwood & Yarrow (1969) de seis localidades costeiras da provincia de Pontevedra (Fig. 37).

Atópase sobre todo no sur de Galicia, aínda que tamén habita en localidades microclimáticamente adecuadas das serras orientais, en hábitats abertos.

**Lugo:**

- A Veiga, Negueira de Muíiz: 1-X-2008, 230 m, 43°8'35"N 6°53'2"O, prado.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, con sexuados, prados e queirogais.

**Ourense:**

- Miradoiro de Matacás, Castro Caldelas: 26-VI-2020, 500 m, 42°24'29"N 7°26'13"O, matos.

**Pontevedra:**

- Monte Santa Trega, A Guarda: 7-IV-2007, 250 m, 41°53'N 8°52'O.
- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, unha raíña en voo nupcial.




Fig. 36. - Colonia de *Pheidole pallidula* de Portomarín.

Fig. 37. - Mapa de citas ibéricas de *Pheidole pallidula*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermello: novas.

***Solenopsis* sp.**

De pequeno tamaño, cor amarelo e as mazas antenais de dous artellos (Seifert, 2018) (Fig. 38). O xénero precisa dunha revisión e sen sexuados é difícil precisar incluso un grupo de especies, agás nalgún caso moi específico (Galkowski et al., 2016). Así e todo, preséntanse as seguintes citas para que quede constancia da súa potencial distribución en Galicia e facilitar futuros traballos sobre un xénero que é abundoso na parte mediterránea da Península.

*Solenopsis latro* Forel, 1894 foi citada por Collingwood & Yarrow (1969) das provincias de Ourense e Pontevedra (Fig. 39).

**A Coruña:**

- Cabo San Adrián, Bergantiños: 27-VI-2017, 50 m, 43°20'29"N 8°50'1"O, prados.

**Lugo:**

- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prados e queirogais.

***Temnothorax affinis* Mayr, 1855**

Especie arborícola caracterizada polas espiñas propodeais longas, a estrutura peciolar e a escultura no dorso do mesosoma estriada (Seifert, 2018) (Fig. 40). Especie europea (Seifert, 2018) da que na Península coñécense citas sobre todo na metade oriental. A seguinte é a primeira cita para Galicia (Fig. 41).

**Ourense:**

- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O.





Fig. 38.- Cabeza en vista frontal de *Solenopsis* sp. de Portomarín.

Fig. 39.- Mapa das citas ibéricas para o xénero *Solenopsis*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



Fig. 40.- Obreira de *Temnothorax affinis* de A Mezquita: vista lateral.

Fig. 41.- Mapa das citas ibéricas de *Temnothorax affinis*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrado vermello: nova.



### *Temnothorax nylander* (Förster, 1850)

*Temnothorax* Mayr, 1861 co perfil do mesosoma mostrando unha depresión mesopropodeal, unha forma característica do pecíolo e coloración escura en boa parte do gáster (Seifert, 2018) (Fig. 42). Distribúese por Europa Occidental (Seifert, 2018), sendo unha especie abundosa no norte peninsular, con citas galegas nas provincias da Coruña, Lugo en Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 43).

É unha especie fundamentalmente forestal (Seifert, 2018), aínda que as veces non precisa máis que a presenza dalgúñas árbores. Aniña en madeira, baixo casca, en landras, etc, a nivel do chan ou na base das árbores, sen que poida considerarse arborícola.

**A Coruña:**

- A Castellana, Aranga: 1-VII-2007, 460 m, 43°12'N 8°13'O, bosque de ribeira.
- Osedo, Sada: 18-IX-2022, 120 m, 43°20'12"N 8°17'17"O, plantación de *Eucalyptus globulus*.
- Toques: 9-VIII-2006, 450 m, 42°58'N 7°58'O, en landra, carballos en beira de labradío.

**Lugo:**

- Mosteiro, Cervantes: 3-VII-2017, 480 m, 42°49'55"N 7°3'40"O, prado con árbores.
- Embalse de Belesar, Chantada: 21-VIII-2006, 350 m, 42°37'N 7°43'O, bosque de ribeira.
- Feira do Monte, Cospeito: 12-VIII-2006, 400 m, 43°15'N 7°32'O, carballeira.
- Praia fluvial da Pena do Inferno, A Fonsagrada: 19-VI-2008, 325 m, 43°5'N 7°16'O, bosque de ribeira.
- San Paio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 490 m, 43°13'N 7°48'O, bosque de ribeira.
- Parga, Guitiriz: 19-VIII-2006, 450 m, 43°9'N 7°51'O, carballeira.
- San Pedro de Láncara, Láncara: 10-VII-2007, 450 m, 42°51'N 7°21'O.
- Vicedo: 2-V-2009, 150 m, 43°43'N 7°38'O, eucaliptal.

**Ourense:**

- Ivedo, Castro Caldelas: 26-VI-2020, 470 m, 42°23'N 7° 26'O, fraga.


**Pontevedra:**

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, bosque de ribeira.



Fig. 42.- Obreira de *Temnothorax nylanderi* de Guitiriz: vista lateral.

Fig. 43.- Mapa de citas ibéricas de *Temnothorax nylanderi*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



***Temnothorax tuberum* (Fabricius, 1775)**

O patrón de coloración, perfil continuo do mesosoma, morfoloxía peciolar, escultura da cabeza e pequeno tamaño das raíñas caracterizan a especie (Seifert, 2018) (Fig. 44). Na Península habita en altitude, sendo algunhas citas antigas en zonas costeiras máis que dubiosas, por unha posible confusión motivada por unha coloración bicolor que pode considerarse semellante ás doutras *Temnothorax*, o que xa pasou noutras área xeográficas (por exemplo, Orledge, 1998). En Galicia coñecíase das provincias de Lugo e Ourense (Collingwood e Yarrow, 1969; García *et al.*, 2017; García, 2022) (Fig. 45).

Atópase en medios abertos de altitude, aniñando en fendas de rochas e baixo pedras.


**Lugo:**

- Mustallar, Cervantes: 4-VII-2017, 1620 m, 42°49'N 6°51'O, prado, con sexuados.
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 7-VII-2009, 1500 m, 42°36'N 7°5'O, queirogal.



**Fig. 44.-** Obreira de *Temnothorax tuberum* de Formigueiros. **44a.-** Vista lateral. **44b.-** Cabeza en vista frontal.

**Fig. 45.-** Mapa de citas ibéricas de *Temnothorax tuberum*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas. Os círculos violetas corresponden a citas antigas dubiosas.

***Temnothorax unifasciatus* (Latreille, 1798)**

Caracterizada pola coloración bicolor, escultura da cabeza, morfoloxía do pecíolo e raíñas relativamente grandes (Seifert, 2018). Porén, a morfoloxía da especie presenta unha grande variabilidade que causou a descrición de múltiples especies, subespecies e variedades (Csősz *et al.*, 2024). As poboacións galegas presentan unha coloración algo distinta da máis habitual na especie, con bandas escurecidas no final de todos os terxitos gastrais (Fig. 46), o que puidera levar a unha identificación como *Temnothorax albipennis* (Curtis, 1854). Porén, os espécimes galegos teñen unha escultura non reticulada na área frontal da cabeza e as raíñas son máis grandes e cun pecíolo máis alto para esa especie, polo que os adscribimos a *T. unifasciatus*. A especie ten unha ampla distribución europea (Csősz *et al.*, 2024), con moitas citas ibéricas. Collingwood & Yarrow (1969) citárona da provincia de Ourense (Fig. 47). A especie esta amplamente distribuída en Galicia, en grande diversidade de hábitats. Aniña típicamente en fendas de rochas.

#### A Coruña:

- Estaca de Bares, Bares: 19-VII-2015, 40 m, 43°47'18"N 7°41'9"O, prados.
- Cabo San Adrián, Bergantiños: 27-VI-2017, 50 m, 43°20'29"N 8°50'1"O, prados, con sexuais.
- Torre de Hércules, A Coruña: 4-VIII-2006, 20 m, 43°23'16"N 8°24'23"O, beirarrúa.
- A Leireta, Monfero: 30-IX-2008, 560m, 43°19'40"N 7°55'9"O, toxeira.
- Espasante, Ortigueira: 19-VII-2007, 100 m, 43°42'11"N 7°48'8"O, eucaliptal.
- Garabatos, As Pontes de García Rodríguez: 19-VII-2007, 440 m, 43°28'13"N 7°51'17"O, eucaliptal.

#### Lugo:

- Penedos, Abadín: 24-IV-2018, 730 m, 43°26'N 7°30'O, prados.
- Fieiró, Cervantes: 3-VII-2017, 1400 m, 42°48'N 67 °54'O, prados.
- Pedras Apañadas, A Fonsagrada: 1-X-2007, 1100 m, 43°8'10"N 6°57'27"O, toxeira, con sexuais
- Sampaio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 480 m, 43°0'32"N 7°49'17"O, bosque de ribeira.
- Mariz, Guitiriz: 24-VII-2013, 520 m, 43°8'51"N 7°53'59"O, toxeira, con sexuais.
- Cova da Serpe, Guitiriz: 24-VI-2017, 780 m, 43°5'53"N 7°55'05"O, toxeira, con sexuais.
- Parga, Guitiriz: 26-VII-2007, 480 m, 43°9'23"N 7°50'18"O, prados, con sexuais.
- San Pedro de Lánca, Lánca: 10-VII-2007, 460 m, 42°51'N 7°21'O, prados.
- Serra de Meira, Meira: 23-VI-2017, 800 m, 43°12'39"N 7°14'53"O, queirogal, con sexuais.
- Manzós, Muras: 23-VIII-2008, 750 m, 43°25'N 7°36'O, queirogal.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O, prado.
- Serra do Careón, Palas de Rei: 25-VI-2016, 740 m, 42°56'45"N 7°54'38"O, toxeira.
- Rego do Batán, Pastoriza: 24-IV-2017, 580 m, 43°22'24"N 7°22'10"O, prados.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prado.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos.
- A Rochela, Ribadeo: 18-VI-2008, 15 m, 43°33'N 7°9'O, prado.
- Alto Pedrafita do Courel, Samos: 25-IV-2018, 1150 m, 42°39'N 7°13'O, prado.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.
- Praia da Abrela, O Vicedo: 2-V-2009, 15 m, 43°42'N 7°36'O, piñeiral aberto.
- Corvite, Vilalba: 24-VI-2021, 490 m, 43°19'5"N 7°39'45"O, beira de carballeira, con sexuais.
- Monte Faro, Viveiro: 30-VI-2022, 160 m, 43°42'30"N 7°34'50"O, prado.
- Cantís de papel, Xove: 30-VI-2022, 20 m, 43°43'17"N 7°28'20"O, prados.

#### Ourense:

- Barrio, A Pobra de Trives: 6-VI-2018, 690 m, 42°20'57"N 7°15'54"O, fraga.

#### Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira.

### *Tetramorium forte* Forel, 1904

Dentro do xénero, a especie caracterízase polo pecíolo e pospecíolo moi anchos e esculpados (Güsten *et al.*, 2006) (Fig. 48). É unha especie moi abundosa na parte mediterránea ibérica que en Galicia conta con citas nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense (Collingwood & Yarrow, 1969; López, 1991; García, 2021) (Fig. 49). A cita de Teixeira de López (1991) pódese considerar dubidosa, na área o autor nunca a atopou e o topónimo é moi común.

Atópase no sur de Galicia, en hábitats abertos.

#### Lugo:

- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 600 m, 42°41'N 7°27'O, prado.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, matos, baixo pedra.

- Portomarín: 10-VII-2007, 370 m, 42°48'N 7°36'O, beirarrúa.

**Ourense:**

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, xesteira, baixo pedra.
- Castro Caldelas: 26-VI-2020, 470 m, 42°23'N 7° 26'O, beira de fraga.

**Pontevedra:**

- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, beirarrúa, raíñas en voo nupcial.




Fig. 46.- Obreira de *Temnothorax unifasciatus* de Mesón da Cabra: vista lateral.

Fig. 47.- Mapa de citas ibéricas de *Temnothorax unifasciatus*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.




Fig. 48.- Obreira de *Tetramorium forte* de Chantada: pecíolo e pospecíolo en vista dorsal.

Fig. 49.- Mapa de citas ibéricas de *Tetramorium forte*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



47



49

### *Tetramorium caespitum* (Linnaeus, 1758)

No grupo de especies homónimo, a identificación das obreiras é dificultosa, debido a estar composto por especies crípticas (Wagner et al., 2017). As citas seguintes correspóndense con machos, cuxa xenitalia é máis característica (Wagner et al., 2017) (Fig. 50). Aínda que na bibliografía ibérica a especie é nomeada moitas veces, as citas anteriores a Wagner et al. (2017) non deberan terse en conta, xa que non se distinguía entre as distintas especies do grupo, incluíndo as de Collingwood & Yarrow (1969) e López (1991). Posteriormente á revisión indicada, non hai citas para Galicia (Fig. 51).

A especie parece frecuente no sur de Galicia, sen que o autor atopara ningún macho na maior parte do norte.

#### Lugo:

- Mosteiro, Cervantes: 3-VII-2017, 480 m, 42°49'55"N 7°3'40"O, macho illado, prado con árbores.
- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 600 m, 42°41'N 7°27'O, colonia baixo pedra, xesteira.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, colonia baixo pedra, prado.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, colonia baixo pedra, queirogais.

#### Pontevedra:

- Mondariz: 5-VII-2007, 42°13'N 8°27'O, macho illado.





Fig. 50.- Xenitalia de macho de *Tetramorium caespitum* de Mondariz. 50a.- Vista lateral. 50b.- Vista saxital.

Fig. 51.- Mapa de citas ibéricas de *Tetramorium caespitum*. Círculos azuis: bibliográficas (en moitos casos representa só o grupo de especies); círculos amarelos: confirmadas para *T. caespitum* por Wagner et al. (2017); cadrados vermellos: novas.



### *Tetramorium impurum* (Förster, 1850)

Pertence ó grupo de especies de *T. caespitum*, e como no caso anterior, nas obreiras a identificación é dificultosa mentres que a xenitalia do macho é máis característica (Wagner et al., 2017) (Fig. 52). Aínda que ás veces menciónanse algunhas características distintivas nas obreiras, o certo é que hai moitos casos intermedios (Sanetra et al., 1999). Algunhas das citas ibéricas anteriores a Wagner et

al. (2017) puideran corresponder a *Tetramorium alpestre* Steiner, Schlick-Steiner & Seifert, 2010, especie con xenitalia similar tamén coñecida en Galicia (García, 2018b). Anteriormente fora citada en Galicia por Wagner et al. (2017) (Fig. 53).

Especie moi frecuente e que habita en grande diversidade de hábitats. As citas seguintes correspóndense con colonias con machos presentes.

#### Lugo:

- Chantada: 21-VIII-2006, 520 m, 42°39'N 7°45'O.
- Pedras Apañadas, A Fonsagrada: 1-X-2008, 1192 m, 43°8'N 6°57'O, toxeira
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 3-X-2008, 1406 m, 42°36'N 7°5'O, queirogal.
- Mesón da Cabra, Guitiriz: 22-VII-2006, 450 m, 43°10'N 7°49'O, toxeira.
- Ferreira, Guitiriz: 22-VI-2017, 450 m, 43°08'19"N 7°51'32"O, toxeira.
- Pantano San Xoan, Guitiriz: 7-VIII-2006, 690 m, 43°13'41"N 7°55'45"O, toxeira.
- Serra do Carbo, Vilalba, 14-X-2021, 750 m, 43°24'41"N 7°37'44"O, prado.

#### Ourense:

- Val da Cabra, Manzaneda: 6-VII-2018, 910 m, 42°17'08"N 7°13'45"O, xesteira.





Fig. 52.- Xenitalia de macho de *Tetramorium impurum* de Guitiriz. 52a.- Vista lateral. 52b.- Vista saxital.

Fig. 53.- Mapa de citas ibéricas de *Tetramorium impurum*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.



## Bibliografía

Boer, P. 2013. Revision of the European ants of the *Aphaenogaster testaceopilosa*-group (Hymenoptera: Formicidae). *Tijdschrift voor entomologie*, **156**(1): 57-93.

- Cabanillas, D., Narro-Martín, A.J. & Fernández-Martínez, J.A. 2019. Ampliación de la distribución de *Dolichoderus quadripunctatus* (Linnaeus, 1771) (Formicidae, Dolichoderinae) en la Península Ibérica. *Iberomyrmex*, **11**: 9-12.
- Cagniant, H. 2005. Les *Crematogaster* du Maroc (Hym., Formicidae). Clé de détermination et commentaires. *Orsis*, **20**: 7-12.
- Collingwood, C.A. & Yarrow, I.H.H. 1969. A survey of Iberian Formicidae (Hymenoptera). *Eos*, **44**: 53-101.
- Csősz, S., Alicata, A., Báthori, F., Galkowski, C., Schifani, E., Yusupov, Z., Herczeg, G. & Prebus, M.M. 2024. Integrative taxonomy reveals inflated biodiversity in the European *Temnothorax unifasciatus* complex (Hymenoptera: Formicidae). *Zoologica Scripta*, **54**(1): 33-49.
- Eiroa, M.E. & Novoa, F. 1985. La entomofauna de las dunas de la playa de Barra (Cangas, Pontevedra), I: Hymenoptera, Aculeata. *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **9**: 15-30.
- Espadaler, X. 1979. Citas nuevas o interesantes de hormigas para España. *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **3**: 95-101.
- Espadaler, X., Roig, X., Gómez, K. & García, F. 2010. *Formigues de les Planes de Son i la mata de València* (Hymenoptera, Formicidae), pp. 609-627. En: Germain, J. [cur.]. *Els sistemes naturals de les Planes de Son i la mata de València. Treballs de la Institució Catalana d'Història Natural*, 16. Barcelona, 806 pp.
- Galkowski, C., Casevitz-Weulersse, J. & Cagniant, H. 2016. Redescription de *Solenopsis fugax* (Latreille, 1798) et notes sur les *Solenopsis* de France [Hymenoptera, Formicidae]. *Revue française d'Entomologie* (N.S.), **32**(3-4): 151-163.
- García, F. 2013. Primera cita para Galicia del escarabajo mirmecófilo *Lomechusoides strumosus* (Fabricius, 1792) (Coleoptera: Staphylinidae: Aleocharinae). *Iberomyrmex*, **5**: 15-16.
- García, F. 2018a. Sobre algúns mirmecófilos galegos, cunha especie nova para España, *Microdon myrmicae* Schönrogge et al., 2002 (Diptera: Syrphidae), e *Coccinella magnifica* Redtenbacher, 1843 (Coleoptera: Coccinellidae) nova para Galicia. *Arquivos Entomolóxicos*, **19**: 139-146.
- García, F. 2018b. Dez especies de formigas (Hymenoptera: Formicidae) novas para Galicia (NO Península Ibérica). *Arquivos Entomolóxicos*, **19**: 217-224.
- García, F. 2020. A formiga parasita social *Formicoxenus nitidulus* (Nylander, 1846) en Galicia, NO Iberia (Hymenoptera: Formicidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **22**: 399-400.
- García, F. 2021. *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856) (Hymenoptera, Formicidae) en Galicia (NO Península Ibérica). *Arquivos Entomolóxicos*, **24**: 325-327.
- García, F. 2022. Presenza do xénero de formigas *Proformica* Ruzsky, 1902 en Galicia, NO Iberia (Hymenoptera, Formicidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **25**: 147-152.
- García, F. & Cuesta-Segura, A.D. 2018. Coleópteros mirmecófilos ibéricos: primeiras citas y hospedadores (Coleoptera: Nitidulidae, Staphylinidae). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, **63**: 307-309.
- García, F. & Cuesta-Segura, A.D. 2020. Secretergates en *Formica* Linnaeus, 1758 de la Península Ibérica: nuevas aportaciones (Hymenoptera: Formicidae). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, **66**: 123-128.

- García, F., Cuesta-Segura, A.D. & Espadaler, X. 2017. Nuevas citas del género *Chalepoxenus* Menozzi, 1923 y actualización de su distribución y hospedadores para la península ibérica (Hymenoptera: Formicidae). *Iberomyrmex*, **9**: 15-24.
- Gómez, K. & Espadaler, X. 2007. <https://hormigas.mirmiberica.org/xClaves/Claves.htm> [Visitada 2-VIII-2025].
- Gómez, K., Lorite, P., García, F., Espadaler, X., Palomeque, T., Sanllorente, O. & Trager, J. 2018. Differentiating *Iberoformica* and *Formica* (*Serviformica*) with description of the sexual castes of *Formica* (*Serviformica*) *gerardi* Bondroit, 1917 stat. rev. *Sociobiology*, **65**(3): 463-470.
- Güsten, R., Schulz, A. & Sanetra, M. 2006. Redescription of *Tetramorium forte* Forel, 1904 (Insecta: Hymenoptera: Formicidae), a western Mediterranean ant species. *Zootaxa*, **1310**(1): 1-35.
- Janicki, J., Narula, N., Ziegler, M., Guénard, B. & Economo, E.P. 2016. Visualizing and interacting with large-volume biodiversity data using client-server web-mapping applications: The design and implementation of antmaps.org. *Ecological Informatics*, **32**: 185-193.
- López, F. 1991. Estudio morfológico y taxonómico de los grupos de especies ibéricas del género *Tetramorium* Mayr, 1744. *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **15**: 29-52.
- Medina, M. 1892. Himenópteros de La Coruña. *Actas de la Sociedad española de Historia Natural*, **21**: 69-70.
- Orledge, G.M. 1998. The identity of *Leptothorax albipennis* (Curtis) (Hymenoptera: Formicidae) and its presence in Great Britain. *Systematic Entomology*, **23**(1): 25-33.
- Orou, N., Csősz, S., Arnan, X., Pol, R.G., Arthofer, W., Schlick-Steiner, B.C. & Steiner, F.M. 2023. *Messor erwini* sp. n., a hitherto cryptic harvester ant in the Iberian Peninsula. *Zoologischer Anzeiger*, **307**: 36-53.
- Sanetra, M., Güsten, R. & Schulz, A. 1999. On the taxonomy and distribution of Italian *Tetramorium* species and their social parasites (Hymenoptera Formicidae). *Memorie della Società entomologica italiana*, **77**: 317-357.
- Schifani, E., Alicata, A., Menchetti, M., Borowiec, L., Fisher, B.L., Karaman, C., Kiran, K., Oueslati, W., Salata, S. & Blatrix, R. 2022. Revisiting the morphological species groups of West-Palearctic *Aphaenogaster* ants (Hymenoptera: Formicidae) under a phylogenetic perspective: toward an evolutionary classification. *Arthropod Systematics and Phylogeny*, **80**: 627-648.
- Seifert, B. 1983. The taxonomical and ecological status of *Lasius myops* Forel (Hymenoptera, Formicidae) and first description of its males. *Abhandlungen und Berichte des Naturkundemuseums Görlitz*, **57**(6): 1-16.
- Seifert, B. 1991. *Formica nigricans* Emery, 1909-an ecomorph of *Formica pratensis* Retzius, 1783 (Hymenoptera, Formicidae). *Entomologica Fennica*, **2**(4): 217-226.
- Seifert, B. 2012. Clarifying naming and identification of the outdoor species of the ant genus *Tapinoma* Förster, 1850 (Hymenoptera: Formicidae) in Europe north of the Mediterranean region with description of a new species. *Myrmecological News*, **16**: 139-147.
- Seifert, B. 2016. Inconvenient hyperdiversity-the traditional concept of "*Pheidole pallidula*" includes four cryptic species (Hymenoptera: Formicidae). *Soil organisms*, **88**(1): 1-17.

Seifert, B. 2018. *The Ants of Central and North Europa*. Lutra Verlags, Tauer, 408 pp.

Seifert, B. 2020. Revision of the *Plagiolepis schmitzii* group with description of *Pl. invadens* sp. nov. - a new invasive supercolonial species (Hymenoptera: Formicidae). *Deutsche Entomologische Zeitschrift*, **67**(2): 183-196.

Seifert, B. 2021. A taxonomic revision of the Palaearctic members of the *Formica rufa* group (Hymenoptera: Formicidae) - the famous mound-building red wood ants. *Myrmecological News*, **31**: 133-179.

Seifert, B., d'Eustacchio, D., Kaufmann, B., Centorame, M., Lorite, P. & Modica, M.V. 2017. Four species within the supercolonial ants of the *Tapinoma nigerrimum* complex revealed by integrative taxonomy (Hymenoptera: Formicidae). *Myrmecological News*, **24**: 123-144.

Seifert, B., Kaufmann, B. & Fraysse, L. 2024. A taxonomic revision of the Palaearctic species of the ant genus *Tapinoma* Mayr 1861 (Hymenoptera: Formicidae). *Zootaxa*, **5435**(1): 1-74.

Suñer, D., Espadaler, X. & Gómez, C. 1991. Poblaciones meridionales de *Lasius flavus* (Fabr.) y *L. myops* Forel: estudio biométrico (Hymenoptera, Formicidae). *Orsis*, **6**: 101-108.

Tinaut, A., Martínez, M.D. & Catarineu, J.M. 2011. Presencia confirmada de *Formica pratensis* Retzius, 1783 (Hym., Formicidae) en Andalucía y primera cita para la Región de Murcia. *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **35**(3): 503-507.

Wagner, H.C., Arthofer, W., Seifert, B., Muster, C., Steiner, F.M. & Schlick-Steiner, B.C. 2017. Light at the end of the tunnel: Integrative taxonomy delimits cryptic species in the *Tetramorium caespitum* complex (Hymenoptera: Formicidae). *Myrmecological News*, **25**: 95-129.